



INFORMACIÓN - MATRÍCULA CURSO 2019-2020

O PRAZO PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA PARA O CURSO 2019-2020 SERÁ:

- **GRAO ELEMENTAL: DO DÍA 10 AO 13 DE XUÑO**
- **GRAO PROFESIONAL: DO DÍA 17 AO 20 DE XUÑO**

ÁMBOLOS DOUS INCLUSIVE EN HORARIO DE SECRETARÍA.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA (a incluír no sobre de matrícula):

1. IMPRESO DE MATRÍCULA
2. IMPRESO DE LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.
3. CARNET DO CENTRO
4. DOCUMENTO QUE ACREDITE, NO SEU CASO, A MATRÍCULA GRATUITA OU BONIFICADA.
5. CERTIFICADO DO CÓDIGO DE CONTA BANCARIA (só no caso de fraccionamento do pago da matrícula).

LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS:

- Para Grao Elemental:

CONCEPTO	Taxa Normal	Familia numerosa
Matrícula curso completo	137,00 €	68,50 €
Servizos Xerais	13,00 €	6,50 €
TOTAL	150,00 €	75,00 €

- Para Grao Profesional:

CONCEPTO	Taxa Normal	Familia numerosa
Matrícula curso completo	232,00 €	116,00 €
Servizos Xerais	13,00 €	6,50 €
TOTAL	245,00 €	122,50 €

PAGO FRACCIONADO

Poderase fraccionar o pago de matrícula en dous prazos:

- 1º prazo: realizarase o pago no momento da matrícula e o importe será a suma dos “servizos xerais” máis a metade do concepto de “matrícula curso completo” (en total: 81,50 € en Grao Elemental e 129 € en Grao Profesional).
- 2º prazo: O importe será a metade do concepto “matrícula curso completo” (68,50 € en Grao Elemental e 116 € en Grao Profesional). O pagamento deste prazo será por domiciliación bancaria polo que é necesario entregar no momento da matrícula un código de conta bancaria(*). O pago farase na dita conta durante o mes de xaneiro de 2019.

(* As entidades colaboradoras son: Banco Santander, Banco Popular, Banco Sabadell, Caixa Geral Depositos, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, Targobank, S.A., Banco Pastor, Evo Banco, S.A., Bankia, Abanca, Ibercaja, Caja España, CaixaBank (La Caixa), Caja Duero, Caixa Rural de Lugo, Caja Rural Zamora

MODALIDADES DE MATRÍCULA GRATUITA OU BONIFICADA:

- Funcionarios docentes (agás servizos xerais, inscrición por primeira vez e disciplinas soltas).
- Por beneficiario de familia numerosa: categoría xeral (50% de bonificación) ou categoría especial (gratuíta).
- Discapacidade (persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%)
- Vítimas de actos terroristas (así como cónxuxes e fillos).
- Vítimas de violencia de xénero (e os seus fillos).
- Por matrícula de honra (SÓ PARA O GRAO PROFESIONAL).
- Os beneficiarios de bolsas ou axudas ao estudo (SÓ PARA O GRAO PROFESIONAL).

NOTA IMPORTANTE:

NON SE ADMITIRÁ O SOBRE MATRÍCULA QUE NON CONTEÑA TODA A DOCUMENTACIÓN CORRESPONDENTE OU QUE SE PRESENTE FORA DE PRAZO.